

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	BARALLA
<b>Edificio</b>	Igrexa do San Martiño de Berselos
<b>Dirección</b>	Lugar de Berselos, 11. 27686
	42.847715 -7.289248
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Pequena igrexa de estilo románico, situada xunto o ramal dunha vía romana e do Camiño a Santiago, construída a finais do século XIII. Trátase dunha singular peza do románico galego, dunha soa nave rectangular con cubrición a dúas augas, con laxas de lousa colocadas sobre traves de madeira. Os muros son de cachote, agás nas partes nobres, como os cantos e o arco triunfal que separa a ábsida da nave.</p> <p>A ábsida, máis pequena que a nave tanto en anchura como alzado, cúbrese con bóveda de casca, que arranca sobre unha liña de imposta resaltada cunha moldura. Nos muros do testeiro están calados con pequenas xanelas seteiras, e no muro da esquerda ábrese unha porta de arco de medio punto polo interior e alintelado polo exterior. Os aleiros da nave e da ábsida apóianse sobre canzorriños con decoración moldurada.</p> <p>O elemento máis destacable da igrexa é a portada, con arco de medio punto con dúas arquivoltas formadas por grosos baquetóns decorados por formas vexetais que simulan apreixalos. As dúas arquivoltas descansan en dous pares de columnas finas adosadas nos derrames, con basa sobre plinto, fuste liso dunha soa peza de sección redonda e capiteis pseudocorintios, con dous ordes de volutas a xeito de follas vexetais estilizadas e cimacio con decoración xeométrica. Nunha das columnas gravouse un epígrafe fundacional, onde aparece o nome do artífice da igrexa: PELAGIUS FECIT OP(us).</p> <p>As arquivoltas acollen un tímpano rodeado por un semicírculo de pérolas, e no que se representa, en baixorrelevo, un año místico, mirando á dereita e portando unha cruz. Diante del, medra unha planta con forma de flor de lis, mentres que detrás aparece axeonllada unha figura cun neno no colo. Sobre eles, unha man failles acenos de beizón dende unhas nubes.</p> <p>Sobre a portada ábrese unha xanela seteira, baixo unha arquivolta simple, en aresta e unha chambrana con decoración xeométrica, que se apoia en columniñas de fuste monolítico e capiteis pseudocorintios. A un lado e outro sobresaen dúas ménsulas que indican que a porta tivo en tempos un alboio ou cuberta protexento a entrada.</p> <p>No interior hai un retablo maior do século XVII, con representacións de san Martiño bispo de Dumio, Santa Bárbara, e a Inmaculada, e outro neogótico coas figuras de santa Tereixa e santo Antonio. No ano 2005, ao retirar o retablo saíron á luz unhas pinturas, tapadas por varias capas, na ábsida e que representa o Xuízo Final; un Pantocrátor sedente e en actitude de bendicir domina a escea; tamén se ve o anagrama JHC (Cristo Salvador).</p>
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	1

<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	24-06-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>MANCLÚS, SALVADOR</u>		45	53

Información completa: [Igrexa do San Martiño de Berselos - BARALLA \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)